




Mercadona
Memoria Medio Ambiente
2017-2018






Unha xestión medioambiental efectiva é crucial para a boa marcha de calquera compañía. Somos conscientes de que nos queda moito por mellorar, pero os resultados conseguidos anímannos a continuar traballando






ÍNDICE

O Sistema de Xestión Ambiental de Mercadona	5
1. Optimización loxística	6
O modelo loxístico de Mercadona	
Eficiencia loxística	
Renovación da frota	
Boas prácticas	
2. Aforro enerxético	12
Medidas de eficiencia enerxética nas tendas	
Control de fugas de gases refrixerantes	
Sistema de control de sinais	
Xardíns urbanos	
3. Xestión responsable de residuos	20
Sistema de xestión de residuos	
Prevenición do desperdicio de alimentos	
Envases comerciais reutilizables	
Loxística inversa e reciclaxe	
Envases en Mercadona	
Nova selección de bolsas	
4. Compromisos	30
Política de Pesca Sostible	
Política de Benestar Animal	
Compromiso de redución de antibióticos	
Biodiversidade e cubertas axardinadas	
Colaboracións	
5. Datos relevantes 2017-2018	36



Mercadona é unha compañía de supermercados físicos e de venda en liña de capital español e familiar cuxa misión é prescribirlle ao consumidor final produtos / solucións que cubran as súas necesidades de comer, beber, coidado persoal, coidado do fogar e coidado dos animais asegurando sempre Seguridade Alimentaria, Máxima Calidade, Máximo Servizo, Mínimo Presuposto e Mínimo Tempo



Cristaleira do supermercado de Breña Alta, Santa Cruz de Tenerife.

O SISTEMA DE XESTIÓN AMBIENTAL DE MERCADONA

Mercadona está inmersa nun proceso de cambio a todos os niveis, dende o modelo de venda ata a relación coa cadea agroalimentaria, e non é allea aos retos aos que se enfrenta a sociedade da que forma parte. Seguindo os principios do seu Modelo, o sistema de xestión ambiental de Mercadona está centrado en reducir impactos en tres áreas principais: loxística, consumo enerxético e xestión de residuos.

Aproveitando o aforro de recursos que se deriva da aplicación dos principios da economía circular, Mercadona traballa para conseguir maior eficiencia en todos os seus procesos. Dentro deste firme compromiso coa sostibilidade, estanse poñendo en marcha numerosos proxectos e iniciativas dirixidos principalmente á redución e ao aproveitamento dos residuos que xera, á eficiencia enerxética, á loxística sostible e á colaboración para previr o desperdicio de alimentos, entre outros.

Datos destacados no momento do peche de 2018:

1.636
tendas

5,3
millóns
de fogares

85.800
traballadoras e
traballadores con
emprego estable
e de calidade

1.400

Provedores Totaler que coinnovan con Mercadona para darlle ao "Xefe" produtos que sexan a mellor opción en calidade e prezo baixo as marcas Hacendado, Deliplus, Bosque Verde e Compy, entre outras

Investimento en protección do medio ambiente:

40 millóns de euros en 2018

34 millóns de euros en 2017

1

OPTIMIZACIÓN LOXÍSTICA

Durante 2017 e 2018 Mercadona seguiu desenvolvendo a súa estratexia de transporte sostible para adecuarse aos novos desafíos operativos e ambientais. Ademais de buscar a mellor maneira de xestionar a frota de transporte por estrada, a compañía está realizando probas con combustibles e tecnoloxías alternativas que permitan manter a eficiencia loxística e mellorar os impactos ambientais

**Datos no momento
do peche de 2018:**

54

camións
propulsados a gas

Porcentaxe de
carga dos camións:

90%

98%


da frota é Euro VI
ou Euro VI C



O modelo loxístico de Mercadona

Un dos principios que Mercadona persegue ano tras ano é utilizar cada vez mellor os medios loxísticos dos que dispón. Conseguir transportar máis con menos recursos reduce o número de viaxes, o consumo de combustible e, polo tanto, o impacto ambiental da súa actividade. Para alcanzar este ambicioso reto existen tres liñas de actuación principais encamiñadas a mellorar a eficiencia dos medios de transporte e os procesos loxísticos.

En primeiro lugar, Mercadona dirixe os seus esforzos a conseguir unha maior e mellor capacidade de carga nos medios utilizados e a planificación dos traxectos para conseguir un transporte máis eficiente. Consciente ademais de que os problemas de contaminación teñen cada vez máis protagonismo nas cidades, Mercadona aposta pola redución de emisións a través de dúas vías: a renovación da frota e o uso de novas tecnoloxías e combustibles alternativos nos vehículos dos provedores de transporte, ben sexan pesados ou lixeiros, e nos equipos de frío instalados. E por último, un puntal fundamental da xestión loxística é aplicar constantemente criterios de boas prácticas que axuden a utilizar da mellor maneira posible os recursos da frota de transporte.



Eficiencia loxística

O obxectivo xeral da loxística de Mercadona é "transportar máis con menos recursos". Para iso dedicáronse esforzos significativos a aumentar a carga útil dos vehículos á vez que se reduce a tara. Isto, unido a unha coidadosa planificación das rutas, consegue que as mercadorías cheguen ao seu destino dun modo máis eficiente.

Optimización de rutas


Unha constante no modelo operativo de Mercadona é o traballo que o seu Departamento de Loxística leva a cabo para garantir un transporte eficiente. O reto consiste en transportar os produtos ata os lineais das tendas de maneira que cada quilómetro percorrido pola frota de camiións achegue valor a todo o proceso e se reduza o impacto ambiental.

Un bo exemplo é a chamada "Estratexia do Oito", que consiste en xestionar a frota para que en cada traxecto transporte mercadoría ou materiais que permitan

optimizar a carga dos camiións e se reduza o consumo de combustible. Aproveitando a loxística inversa, os camiións da frota de Mercadona transportan produtos dende o provedor ao bloque loxístico ou á tenda, e ademais transportan materiais de envase (plástico, cartón, caixas de *poliexpan* do peixe...) para que sexan reciclados e reaproveitados como acontece, por exemplo, co plástico dos palés, que se devolve aos bloques loxísticos. Dende alí envíase a un reciclador que o converte en granulado. Esta, á súa vez, será utilizada polo provedor para fabricar as bolsas cun 50-70% de material reciclado da nova selección de bolsas reutilizables de Mercadona.

Alixeiramento de vehículos

Dende 2010 a compañía e os seus provedores de transporte traballan conxuntamente, a través da innovación e da mellora continua, para reducir o peso dos elementos dos vehículos e incluso prescindir daqueles que non acheguen valor, sempre sen comprometer a



seguridade viaria nin a operatividade. O resultado de todo este traballo reflíctese en que o 86% dos vehículos tráiler que dan servizo a Mercadona teñen unha media de carga útil de aproximadamente 25 toneladas, superior á media do mercado.

Maior capacidade de carga

O aumento na capacidade de carga é un factor moi importante á hora de mellorar a eficiencia da frota e transportar máis usando menos recursos. Na actualidade o vehículo de maior tonelaxe que a lexislación española permite é o megatráiler, que ten unha capacidade de carga de ata 52 palés. Mercadona, pioneira en incorporar este tipo de vehículos e que en 2018 xa dispón de 18 con estas características, ten previsto continuar ampliando a frota co obxectivo de contar, durante 2019, cun total de 45 unidades.

Detalle da frota
(número de vehículos)

	2017	2018
Euro III	1	0
Euro IV	1	0
Euro V	105	18
Euro VI	688	369
Euro VI C	412	903
Total	1207	1290



Megatráiler á entrada do bloque loxístico en Riba-roja, València.

Renovación da frota

O sector do transporte está innovando rapidamente para adaptarse ás novas esixencias ambientais que a sociedade demanda. Mercadona está realizando probas con novas tecnoloxías e combustibles alternativos, algunhas delas xa se traduciron nunha paulatina substitución de vehículos por outros que utilizan combustibles e sistemas de refrixeración máis amigables co medio ambiente.

Unha das premisas da compañía xunto aos seus provedores é renovar a frota de transporte a medida que o estado de madurez das diferentes tecnoloxías avanza. Por iso, no que se refire a vehículos pesados, a prioridade principal é incorporar vehículos que cumpran cos estándares máis esixentes en materia de emisións, aposta que permite dispoñer dunha frota composta na súa práctica totalidade por motores Euro VI e Euro VI C.

Uso de enerxías alternativas

Mercadona tamén está incorporando á súa frota camiións propulsados por combustibles alternativos. En 2017 iniciáronse probas con camiións propulsados por gas natural licuado (GNL). Este combustible permite un aforro de emisións significativo, ata o punto de que o obxectivo inicial de ter 40 camiións propulsados a gas a finais de 2018 viuse superado grazas ao bo resultado das probas. Así, no momento do peche de 2018, Mercadona ten en circulación 54 camiións propulsados con gas natural licuado e prevese que este número aumente significativamente nos próximos anos, co conseguinte aforro de emisións.

No que se refire a vehículo lixeiro, apostou tamén por unha renovación progresiva da frota de furgonetas para o servizo a domicilio incorporando vehículos eléctricos e híbridos. Estes vehículos, actualmente en probas, formarán parte da frota nos próximos meses.



Furgoneta eléctrica en probas.

Refrixeración

Mercadona aposta por tecnoloxías máis respectuosas co medio ambiente non só no referente aos combustibles que utiliza senón tamén nos sistemas que incorporan os vehículos, como é o caso dos gases refrixerantes dos equipos de frío dos camiións.

Orixinalmente estes equipos utilizaban R-404A, un gas refrixerante con alto poder de calentamento atmosférico. Este gas está sendo substituído polo R-452A, que presenta importantes vantaxes para o medio ambiente, xa que o seu efecto sobre o calentamento atmosférico se reduce nun 45% en comparación co R-404A.

Neste sentido, o 64% dos 1.270 vehículos pesados que levan equipo de frío xa funciona co novo gas refrixerante.

rante R-452A. O restante 36% irase substituíndo cando se renoven os equipos.

No caso dos vehículos lixeiros a compañía conta con aproximadamente 1.000 furgonetas refrixeradas das que o 55% xa utiliza o gas R-452A. Tamén se instalou nun 5% das furgonetas gas refrixerante R-407H, que reduce o seu potencial de calentamento atmosférico nun 62% en comparación co orixinario R-404A.

Boas prácticas

As innovacións tecnolóxicas non poden desenvolver todo o seu potencial se non van acompañadas de boas prácticas no traballo diario, que permitan aproveitar ao máximo todas as melloras incorporadas á frota. Mercadona leva anos aplicando estas estratexias que teñen un efecto netamente positivo tanto na eficiencia dos seus procesos como na redución do impacto ambiental.

Carga de camiións

As case 200 persoas que traballan diariamente na xestión dos traxectos céntranse na planificación e na carga dos camiións co obxectivo de non transportar aire. O resultado

desta dedicación é que a compañía conta cun índice de carga medio dos seus camiións do 90%.

Loxística inversa

A planificación dos traxectos, tanto de ida como de retorno, evita viaxes innecesarias. Grazas a ela conseguiuase que o 65% das viaxes realizadas para abastecer as tendas sexa aproveitado para devolver ás instalacións de xestión de envases dos bloques loxísticos os Elementos Reutilizables de Transporte (ERT), como son os palés e as caixas, ademais dos materiais de envase que Mercadona envía a reciclar.

Loxística silenciosa en horas val

Sempre que é posible, a compañía realiza o transporte de última milla durante horas val, principalmente nocturnas, nas que hai menor actividade nas cidades. Como consecuencia, evítanse as horas de maior conxestión e tráfico e propíciase o uso de camiións de maior capacidade de carga para aprovisionar as tendas. O resultado é un aforro de tempo e de combustible e, polo tanto, de emisións. Esta modalidade de abastecemento utilízase agora mesmo en 736 supermercados da cadea, o 45% do total.



Camiión propulsado a gas tras realizar unha descarga no supermercado da praza de La Mezquita en València.

2

AFORRO ENERXÉTICO

O uso responsable da enerxía é parte do compromiso de Mercadona cun proceso máis eficiente e co consumo responsable de recursos naturais. Por iso, segue avanzando na transformación das súas tendas ao novo modelo, que incorpora máis medidas de aforro enerxético. Dende hai anos estanse implantando novas tecnoloxías de refrixeración que, xunto á mellora nos protocolos de detección e control de fugas de gases refrixerantes, está reducindo significativamente as emisións relacionadas

Aforro enerxético:

11,6

millóns de kWh en 2017

14,7

millóns de kWh en 2018

1.046

tendas eficientes na cadea en 2018, o 64 % do total

400


das tendas eficientes corresponden ao novo modelo de tenda





Medidas de eficiencia enerxética nas tendas

O novo modelo de tenda eficiente (Tenda 8) de Mercadona, implantado en 400 tendas no momento do peche de 2018, amplía as medidas de aforro enerxético que xa existen nas 646 tendas ecoeficientes da cadea. Actualmente, 1.046 supermercados (un 64%) dispoñen de medidas de eficiencia enerxética tales como iluminación por LEDs, portas en illas de conxelado, condensación flotante na instalación frigorífica para regular a refrixeración en función da temperatura exterior, cristal dobre e carpintería con rotura de ponte térmica, entre outras. Todo iso, unido ás boas prácticas de aforro enerxético que as traballadoras e os traballadores levan a cabo e aos sistemas de xestión sectorizada da enerxía, permite seguir aprendendo e avanzando neste ámbito, que se traduce nunha maior eficiencia dentro do modelo de venda da compañía.




As melloras en equipamento e as boas prácticas de aforro permiten que o consumo eléctrico por metro cúbico se manteña estable.




Xabier, traballador do supermercado da rúa Merkatondoa en Estella, Navarra.

Consumo e número de tendas



Control de fugas de gases refrixerantes

A modernización das tendas implica tamén a incorporación de novos equipos de refrixeración que utilizan tecnoloxías máis sostibles para o medio ambiente, incluído o cambio de determinados gases refrixerantes por outros con menor potencial de quentamento atmosférico, así como o uso de sistemas subcríticos para reducir substancialmente a cantidade de HFCs que se consomen. A estes esforzos únese un plan exhaustivo de revisión de puntos críticos da instalación para detectar e prever as fugas o antes posible. Este plan empezou a dar resultados en 2018 e espérase que a redución sexa moito máis significativa a partir de 2019.



A substitución de gases e a adopción de novas tecnoloxías seguen reducindo as fugas en Mercadona



Algunhas das medidas de aforro enerxético nas tendas de Mercadona

- Mobles cerrados na zona de conxelados
- Mellor illamento térmico e acústico da envoltante do edificio
- Iluminación LED
- Arrefriamento con aire exterior para reducir o consumo de enerxía na climatización
- Medición en continuo do consumo eléctrico para detectar e corrixir ineficiencias
- Xestión enerxética sectorizada en función das necesidades de iluminación e climatización



Sección de conxelados do supermercado do parque comercial Montevida, Murcia



Dionisio, traballador do supermercado da rúa Marcos de Torniello en Avilés, Asturias



Fachada do supermercado da rúa Merkatondoa en Estella, Navarra.

Sistema de control de sinais

Mercadona conta cun sistema de monitorización que mide en tempo real o consumo eléctrico e de auga. Esta información permite axustar os procesos da tenda e utilizar mellor os recursos.



Exterior do supermercado de El Balconcillo, Guadalajara.

Actualmente o consumo medio de auga por tenda é de 100 m³/mes

Acceso ao supermercado da rúa de La Pedrosa en Masquefa, Barcelona.

Xardíns urbanos

A reforma dalgunhas tendas leva aparelada a construción de cubertas axardinadas como parte da responsabilidade social da compañía. Este tipo de cubertas achega vantaxes estéticas, técnicas e medioambientais tanto á tenda como ao ámbito no que se encontra, e mellora a biodiversidade do medio ambiente urbano. Algunhas das vantaxes da incorporación destes xardíns urbanos son:

- Absorción de calor: redución da temperatura ata 5 °C, co conseguinte aforro en climatización do interior

- Illamento acústico: mitigación do ruído mediante o espesor do substrato e a presenza de vexetación, chegando a reducirse ata en 4 dB

- Aforro de auga: retención do 70% da auga de chuvia, que se aproveita para a rega


- Maior vida útil: unha cuberta vexetal ben executada ten unha vida útil de ata 70 anos en perfectas condicións



Cuberta axardinada do supermercado da glorieta de Quevedo en Madrid.



Cuberta axardinada do supermercado da glorieta de Quevedo en Madrid.



Cuberta axardinada do supermercado da rúa Ayala en Madrid.

3

GESTIÓN RESPONSABLE DE RESIDUOS

A presenza de residuos no medio natural constitúe un impacto ambiental importante e un tema do que a sociedade é cada vez máis consciente. Trátase dun problema que require unha acción coordinada a todos os niveis. Ademais de aplicar numerosas iniciativas encamiñadas sobre todo á prevención de residuos, Mercadona colabora activamente con provedores, institutos tecnolóxicos e outros actores sociais na busca das mellores estratexias para abordar o reto que presenta a contaminación causada por plásticos

3.000 toneladas/ano

de plástico recuperadas dos procesos de Mercadona recíclanse para fabricar as bolsas de plástico reutilizables para transportar a compra

2.000 toneladas/ano

de plástico procedente de mantas agrícolas térmicas recíclanse para que o noso Proveedor Totaler SP·Berner elabore a liña de útiles de limpeza do fogar

Taxa de reciclaxe de residuos:

78% en 2017

76% en 2018




Fachada do supermercado da avenida Manolete en Córdoba.

Sistema de xestión de residuos

A prevención é a estratexia fundamental de Mercadona para a xestión dos residuos, segundo o principio "O mellor residuo é o que non se xera".

A xeración de residuos mantense por debaixo do 1% por kg de produto servido á tenda, pero segue existindo percorrido de mellora e estanse levando a cabo numerosas iniciativas en todos os procesos para conseguir baixar aínda máis esta cifra.



Prevenición do desperdicio de alimentos

Grazas ao traballo do Departamento de Tendas implantouse un novo tipo de pedido que realiza seguimento das vendas e dos stocks en tempo real, isto facilítalle ao persoal a tarefa de vender os produtos coa máxima frescura para evitar calquera tipo de desperdicio.







Ademais das estratexias xa existentes que van dende aproveitar toda a produción dos provedores ata liquidar o produto fresco que non se vendeu ao final do día, a compañía mantén o seu programa de doazóns a comedores sociais de proximidade para poder darlle saída ao xénero que non é apto para a venda pese a estar en perfectas condicións para o seu consumo, deste xeito evita que se convirta en residuo.

Envases comerciais reutilizables

Unha potente ferramenta de prevención de residuos é o uso do *pool* de envases reutilizables. Transportar a mercadoría en caixas de plástico reutilizables e reciclables ten importantes vantaxes loxísticas e ambientais ademais de protexer e achegar seguridade ao produto no transporte. Os bloques loxísticos úsanse como punto intermedio de lavado e xestión dos envases. Dende alí son devoltos limpos ao provedor como parte da estratexia de loxística sostible de Mercadona. Este proceso evita o uso de 100.000 toneladas de cartón ao ano.

Loxística inversa e reciclaxe

Mercadona fai uso da loxística inversa aproveitando as viaxes de retorno dos camións para transportar materiais valiosos recollidos nas tendas, tales como o cartón e o plástico flexador das embalaxes. Estes materiais compáctanse nos bloques loxísticos e envíanse a reciclar. Ademais os avances en tecnoloxías de reciclaxe conseguiron, entre outros beneficios, que estes materiais poidan entrar a outros procesos produtivos para cerrar o ciclo da economía circular.





Envases en Mercadona

O envase é fundamental no proceso de distribución, xa que axuda a preservar a seguridade alimentaria, permite transportar e almacenar o produto con garantías e é vehículo de información imprescindible para que o consumidor realice a súa compra con información veraz e fiable. Pero á vez, consciente da preocupación crecente pola presenza de plásticos no medio natural, Mercadona está levando a cabo un estudo global do papel que desempeña o plástico en todos os seus procesos en colaboración co ITE-NE (Instituto Tecnolóxico de Embalaxe, Transporte e Loxística).

Este estudo realizará un diagnóstico da sostibilidade de todas as familias de envases segundo criterios das normas UNE EN. Esta avaliación permitirá definir as mellores prácticas dispoñibles actualmente en envases e economía circular. Con esta información, a compañía establecerá, xunto aos provedores, criterios para deseñar e comercializar envases que cumpran todos os requisitos legais e de sostibilidade aplicables.

Mercadona traballa para que nos próximos anos o 100% dos envases de marca propia sexan reutilizables, reciclables ou compostables

EN ESTUDO

Posibles melloras en cestas e carros da compra, boxes, palés, colectores de lixo, etc.



Criterios de redución e ecodeseño para conseguir que todos os envases de marca propia sexan reciclables ou compostables



Coa colaboración do ITENE



OUTROS ARTIGOS DE PLÁSTICO

PLÁSTICOS

Mercadona está desenvolvendo unha estratexia global para os plásticos que utiliza nos seus procesos. Destacamos algunhas das medidas xa implantadas ou en estudo

MICROESFERAS DE PLÁSTICO

EN PROCESO

Eliminación de microesferas de plástico en produtos de limpeza, cosmética e coidado persoal



• BOLSAS

IMPLANTADO

PARA TRANSPORTAR A COMPRA:
bolsas reutilizables con 50-70% de material reciclado
+ bolsas de papel

PARA A VENDA A GRANEL:
probas con bolsas reutilizables e de material compostable

SERVIZO A DOMICILIO

EN PROCESO

EN ESTUDO



• UTENSILIOS

ARTIGOS DESBOTABLES

Movimentos para adecuarse á lexislación

EN PROCESO



ARTIGOS NON DESBOTABLES

Uso de material reciclado para fabricar os caldeiros de limpeza e outras iniciativas

IMPLANTADO



Ademais dos plans a medio prazo para reducir o uso de plásticos, Mercadona está levando a cabo accións concretas que avanza cara a este obxectivo, implantando alternativas xa dispoñibles e aproveitando as tecnoloxías emerxentes



Un exemplo de movemento de redución de envases son as novas pastillas desinfectantes multiusos. Cada bote equivale a tres botellas de lixivia de dous litros, co conseguinte aforro en transporte, almacenamento e xeración de residuos



Mercadona eliminou os microplásticos de todos os seus produtos de cosmética e coidado persoal. Substituíuse o plástico dos bastoncillos para os oídos por material celulósico. Os dous movementos contribúen a reducir unha potencial fonte de contaminación mariña.



Estanse levando a cabo probas nalgunhas tendas para incorporar bolsas de material compostable e bolsas reutilizables na sección de Froita e Verdura



Os envases da nova sección "Listo para Comer" están feitos con cartón e con polpa de celulosa extraída da cana de azucre





Nova selección de bolsas

Mercadona empezou a eliminar as bolsas de plástico dun só uso en 2018. En 2019, as máis de 1.600 tendas da cadea xa só lles ofrecen aos "Xefes" (clientes) tres alternativas para transportar a compra: bolsas de papel, cestas de rafia e bolsas cun 50-70% de plástico reciclado procedente da embalaxe recuperada nas tendas.

Esta última alternativa é froito do compromiso conxunto de clientes, empregados e provedores, e da súa implicación no aproveitamento dos recursos, a redución, a reutilización e a reciclaxe para alargar a vida dos materiais e evitar que acaben no vertedoiro. Para a súa fabricación a compañía, aplicando os principios

da economía circular, reaproveita anualmente máis de 3.000 toneladas de plástico procedente das embalaxes recuperadas nas tendas, que despois envía aos bloques loxísticos por loxística inversa e dende alí ao xestor autorizado Saica Natur, que o converte en granulado para que o fabricante Plasbel lle dea unha segunda vida en forma de bolsas para transportar a compra.



María, "Xefa" do supermercado da rúa Campos Crespo en València.



Rafael, traballador do supermercado da rúa Campos Crespo en València.





Reyes e Tamara, "Xefa" e traballadora do supermercado da rúa Campos Crespo en València.



Julia, "Xefa" do supermercado da rúa Veneçuela en Barcelona



Fachada do supermercado da rúa Lauria en València.

4

COMPROMISOS

Mercadona mantén un diálogo constante con todos os seus grupos de interese. Froito deste diálogo xorden compromisos e iniciativas encamiñadas a mellorar en sostibilidade, compartir boas prácticas e abordar novos retos.

Nesta sección detállanse algúns destes compromisos

100%

do peixe de acuicultura provén de provedores certificados con estándares de sostibilidade

100%

dos provedores de carne, ovos e leite comprometéronse a certificarse en benestar animal en 2021

**OBXECTIVOS
DE DESENVOLVEMENTO
SOSTIBLE**





Política de Pesca Sostible

Mercadona leva anos traballando conxuntamente cos seus provedores especialistas para garantirles aos seus "Xefes" (clientes) a sostibilidade dos produtos de pesca. Para iso conta cunha Política de Compra de Produtos da Pesca cuxo obxectivo é conseguir mellorar a sostibilidade dos produtos procedentes da pesca extractiva e da acuicultura que lles ofrece aos seus clientes. Por medio desta política, froito do compromiso entre Mercadona e todos os seus provedores de pesca e acuicultura, trabállase conxuntamente co obxectivo de garantir o cumprimento legal, as medidas do ordenamento en vigor e a trazabilidade dende a orixe ata o punto de venda.

Actualmente, Mercadona traballa con 12.000 pescadores e pon no mercado 67.300 toneladas anuais de peixe nacional. A totalidade dos seus provedores de acuicultura están certificados segundo estándares de xestión sostible. O 100% do atún en conserva Hacendado procede de caladoiros xestionados de maneira responsable, grazas ao traballo e á colaboración constante de Mercadona e o seu Proveedor Totaler Ecurís (Jealsa-Rianxeira) coa International Seafood Sustainability Foundation (ISSF). A ISSF é unha coalición de científicos, membros da industria do atún e o Fondo Mundial para a Natureza (WWF) que ten por obxectivo mellorar a sostibilidade dos stocks mundiais de atún coa implantación de diversas prácticas.



<https://info.mercadona.es/document/es/atun-hacendado-un-pescado-sostenible-de-mercadona.pdf>

Política de Benestar Animal

Mercadona e os seus provedores adquiriron un firme compromiso para o cumprimento da lexislación vixente e o respecto ás normas de Benestar Animal. Neste marco trabállase conxuntamente no fomento da protección dos animais en granxas, transporte e sacrificio, por medio de diferentes programas e en colaboración con distintas institucións, como o Instituto de Investigación e Tecnoloxía Agroalimentarias (IRTA) ou o Instituto de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico (NEIKER - Tecnalia).

Adicionalmente, todos os produtos de orixe animal que forman parte da oferta proceden de provedores homologados, que son auditados tanto polas autoridades sanitarias que teñen asignadas, como por Mercadona, o que garante o cumprimento da lexislación vixente en todos e cada un dos seus procesos.

A política de Benestar Animal de Mercadona está baseada nos principios da Organización Mundial de Sanidade Animal (OIE) sobre benestar animal, que reflicte os esforzos en garantir as “Cinco Liberdades” (5F): evitarlles aos animais a sede, a fame, a incomodidade, a dor e incluso “situacións que lles provoquen medo ou angustia” durante a súa vida.

En 2021 todos os provedores de carne, ovos e leite deberán estar certificados en Benestar Animal, compromiso que xa foi asinado e adquirido polo 100% destes. Actualmente, ademais, algúns dos provedores dispoñen de certificacións de relevancia nesta materia, como por exemplo a Global Gap, Welfare Quality, ou certificacións locais como Red Tractor (UK), Bord Bia (Irlanda) ou Danish Animal Welfare (Dinamarca).

<https://info.mercadona.es/es/actualidad/esta-es-la-politica-de-bienestar-animal-de-mercadona/news>



Ovellas pastando en Arcusa, na zona de El Sobrarbe aragonés, Huesca, orixe dos cordeiros do Proveedor Totaler Profesionales de la Ca



Instalacións do Proveedor Totaler Granja Vencoba en Villanueva de las Manzanas, León



Compromiso de reducción de antibióticos

Os provedores de carne de Mercadona adheríronse aos plans de redución de antibióticos que se puxeron en marcha dende a Axencia Española do Medicamento e o Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social. Conscientes do problema que supón a crecente resistencia microbiana e dentro tamén dos seus plans de mellora e de compromiso co benestar animal, os provedores de Mercadona estableceron un plan de control e seguimento do uso de antibióticos nas súas explotacións de porcino, polo Broiler, sector cunícula e bovino de carne.

Alguns dos obxectivos deste plan son:

- Limitar o uso de antibióticos

- Fomentar a saúde do animal mediante a prevención de enfermidades e a mellora das medidas de hixiene

- Impulsar redes de vixilancia e seguimento de resistencias a antibióticos

carne



Galiña poñedora criada en liberdade polo Proveedor Totaler Huevos Guillén.



Hotel para insectos na cuberta axardinada do supermercado da glorieta de Quevedo en Madrid.



Comedeiro para paxaros na cuberta axardinada do supermercado da glorieta de Quevedo en Madrid.



Lavandeira branca (*Motacilla alba*) na cuberta axardinada do supermercado da glorieta de Quevedo en Madrid.

OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE



Biodiversidade e cubertas axardinadas

Co fin de atraer unha maior biodiversidade á cuberta axardinada que Mercadona ten na súa tenda situada na glorieta de Quevedo (Madrid), instaláronse en colaboración coa ONG SEO/BirdLife caixas niño, bebedeiros e comedeiros para aves e dous hoteles para insectos.

O mantemento da cuberta corre a cargo da Fundación Capacis, dedicada á inserción social e laboral de persoas con discapacidade intelectual, que tamén se ocupa das tarefas de mantemento dalgunhas das cubertas axardinadas noutras tendas de Mercadona.

A colaboración coa Fundación Capacis e SEO/BirdLife enmárcase nas diversas accións de Responsabilidade Social nas que está inmersa a compañía. Con esta alianza, Mercadona colabora co programa de biodiversidade urbana de SEO/BirdLife que promove un ámbito urbano máis sostible, o que permite facer compatible a actividade comercial coa adaptación dalgunhas especies de aves a vivir en xardíns urbanos.

Tamén contribúe aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible número 15 "Vida de Ecosistemas Terrestres" e 11 "Cidades e comunidades sostibles", promovidos pola Organización das Nacións Unidas.



Colaboracións

Os actuais desafíos ambientais requiren, máis ca nunca, unha gran coordinación entre administracións, empresas, cidadanía e sociedade civil. O diálogo, o intercambio de boas prácticas, e a visión global de procesos ambientalmente relevantes son imprescindibles para encontrar solucións realistas, sostibles e eficientes. Para iso, Mercadona participa activamente en diversos foros nacionais e internacionais centrados na sostibilidade e en mellorar a comunicación entre todos os elos da cadea de subministración e a sociedade.

Mercadona é membro dende a súa fundación e participa activamente nos seus compromisos e eventos, encamiñados a comunicar as boas prácticas ambientais da distribución e a facilitar o diálogo entre distribuidores e administracións para encontrar conxuntamente as mellores estratexias posibles para afrontar os retos ambientais do futuro.



REAP

O Foro Europeo de Distribución para a Sostibilidade (REAP) é unha plataforma europea creada en 2009 coa colaboración da Comisión Europea.

Mercadona é membro dende a súa fundación e participa activamente nos seus compromisos e eventos, encamiñados a comunicar as boas prácticas ambientais da distribución e a facilitar o diálogo entre distribuidores e administracións para encontrar conxuntamente as mellores estratexias posibles para afrontar os retos ambientais do futuro.



Pacto Mundial e ODS

Mercadona é asinante do Pacto Mundial pola defensa dos valores fundamentais en materia de Dereitos Humanos, Normas Laborais, Medio Ambiente e Loita contra a

Corrupción. O traballo da compañía para seguir apoiando e reforzando os dez principios e valores que sustentan o devandito pacto queda reflectido no informe de progreso que valida o cumprimento destes principios. Tamén dentro deste compromiso Mercadona está comprometida cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, tal como se reflicte nas comunicacións da compañía.

ECODES



Mercadona tamén colabora coa Comunidade #PorElClima da ONG ECODES a-

chegando exemplos e boas prácticas en xestión ambiental. Ademais dos exemplos que chega á comunidade en liña, Mercadona tamén colaborou no informe "Historias #PorElClima do sector privado", que foi presentado polo Director de ECODES, Víctor Viñuales, nun evento organizado polo Ministerio para a Transición Ecolóxica, no Pavillón da UE en Katowice (na sede da COP24). O documento recolle unha mostra de máis de 50 accións que algunhas empresas e entidades do sector privado publicaron nos seus perfís climáticos da Comunidade #PorElClima ao longo de 2018.

AECOC



Conscientes de que o desperdicio de alimentos lle afecta a toda a cadea de subministración, Mercadona uniuse á iniciativa da AECOC "A alimentación non ten desperdicio, aprovéitaa" que pon en


contacto todos os actores da devandita cadea para crear sinerxías e previr o desperdicio alimentario a todos os niveis. Esta iniciativa súmase ás medidas propias que a compañía leva a cabo dende hai anos en todos os seus procesos.



Mercadona na páxina da comunidade en liña
#PorElClima: <https://porelclima.es/mercadona>

5

DATOS RELEVANTES 2017-2018



		2017	2018
Millóns de € investidos en protección do medio ambiente		34	40
Miles de km percorridos por estrada		504.000	517.000
Toneladas transportadas por tren		206.388	210.000
Toneladas transportadas por barco		917.511	945.000
Tendas con loxística silenciosa en horas val		664	736
Tendas ecoeficientes (inclúese o novo modelo de tenda)		985	1.046
Aforro enerxético (millóns de kWh)		11,6	14,7
Consumo enerxético total (electricidade + gas) en GJ		7.745.047	7.830.976
Consumo total de auga en hm ³ (tendas + bloques loxísticos)		Dato non dispoñible	4
Toneladas de cartón recuperadas		202.421	213.167
Toneladas de plástico e <i>poliexpan</i> recuperadas		15.495	16.296
Toneladas de madeira recuperadas		1.878	3.479
Total de toneladas de materiais recuperados		219.794	232.942
Total de toneladas de residuos xerados		318.027	346.520
Taxa de reciclaxe	Reciclaxe/valorización	78%	76%
	Destrución	22%	24%
Toneladas de pilas recuperadas		167	179
kg de CO ₂ equivalente por m ³ de mercadoría servido á tenda	Emisións directas	14,13	13,02
	Consumo enerxético	17,98	17,49
	Transporte de mercadorías	13,27	13,88
Emisións de CO ₂ eq por m ³ de mercadoría (kg)		45,39	44,39
Emisións totais de CO ₂ eq (miles de toneladas)		1.593	1.615

Datos de emisións de CO₂eq calculados de decembro a novembro



Mercadona S.A.

R/ Valencia, 5
46016 Tavernes Blanques (València)
Teléfono: (+34) 963 883 333

Irmãdona Supermercados S.A.

Rúa Pinheiro Manso, 471
4100-413 Porto (Portugal)
Teléfono: (+351) 221 201 000

www.facebook.com/mercadona
www.twitter.com/mercadona
www.youtube.com/mercadona
www.instagram.com/mercadona
www.linkedin.com/company/mercadona
www.facebook.com/mercadonaportugal
www.twitter.com/mercadona_pt
www.youtube.com/mercadonaportugal
www.instagram.com/mercadona_portugal

